


# DORNA



EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA N° 39  
2016

**DORNA**



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reproducción, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2016  
© Xunta de Galicia, 2016

EDITA  
Edicións USC  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
[www.usc.gal/publicaciones](http://www.usc.gal/publicaciones)

ISSN 02313-3806  
ISSNe 2340-0099

---

---

**EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA N° 39**

---

**2016**

---

DIRECTOR: Ramón Lorenzo

COMITÉ DE REDACCIÓN: Alba Cid, Ismael Ramos, Lorena López López, Mario Regueira.

SECRETARIA: Alba Cid

COMITÉ ASESOR: Juan Viaño Rey (Reitor da Universidade de Santiago de Compostela), Valentín García Gómez (Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia), María José López Couso (Decana da Facultade de Filoloxía), Francisco A. Cidrás Escáneo (Director do Departamento de Filoloxía Galega), Luís González Tosar (Presidente do PEN Clube de Galicia).

ILUSTRACIÓN: Antón Pulido

DESEÑO E COMPAXINACIÓN: Antón García

ENDEREZO: **D ORNA**, Expresión Poética Galega, Cátedra de Lingüística e Literatura Galega, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, 15705 Santiago de Compostela.

ENDEREZO ELECTRÓNICO: dornausc@gmail.com

A revista DORNA reitera o chamamento ás escritoras e aos escritores para que nos envíen as súas colaboracións, a ser posible por correo electrónico ou ben por correo ordinario, preferentemente acompañadas dunha versión dixital.

O comité de redacción de DORNA non se compromete a manter correspondencia sobre os textos que se lle envíen nin a devolver os orixinais.

ESTA REVISTA SAE MEDIANTE COEDICIÓN ENTRE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



**CREACIÓN**



## Alfonso Pexegueiro

### Nenos xogando\*

unha moneca con frío nos ollos –unha casa furada–  
un barco: man cansa na fronte do intre que lle fai ser piloto –ela  
algo así como unha trapallada de soños que se desfán–

azul-camiño-neve derreténdose nos labios  
áinda  
non aprendidos a bicar – (foron tras da rula)

de ollar alongado íanlle cravando o vidro da miseria nos pés:  
pés de centeo  
onde os toxos eran luares–

«pum! Pum!» – «eu son a moza» – «ti non, ti non» –  
esquecidos soños, xa nunca seredes homes –

houbo unha guerra con feixóns, canudos, tanques de tona,  
e castelos de soños de onde  
saían coma lóstregos ceibes bicos de sol – (xogaron todos) -

sabedeiro, o home, perdeu e colleu medo –  
xonicas  
disparou sobre da moneca e furoulle os pés –

\*Nota do autor:

Agradezo a Alberto Valverde a recuperación deste poema e o seu traballo sobre el. Resulta curioso que moitas veces eliminemos poemas das nosas obras que son, dalgunha maneira, clave, como este de «Nenos xogando» (onde xogan os nenos, a nena que imaxina, ou os xoguetes, esa moneca coa que comeza e remata o poema?), e no que xa aparece a infancia como «desactivadora» dos dispositivos do poder e do «sagrado», que os nenos e as nenas fan a través do xogo. A infancia que non se deixa «capturar» polo «dispositivo» do amo, da relixión, do poder, da «relixión capitalista» (o home perdeu no «xogo» e disparou, covarde). Só a covardía do ser humano e a súa maldade (malos tratos, castigos, desvalorización, leis de escravidoute e de mercado, humillacións, opresión...) converten o neno, a nena, en asasinios, en maltratadores e seres que non recoñecen o humano en liberdade (así consolídase o Poder, as tiranías, os sistemas de represión, de exclusión, os «estados de excepción», as gue-

rras, e os negocios e as mafias), apropiándose os adultos da infancia, de toda a riqueza que ela trae consigo ao nacer e coa cal o ser humano non pode facer negocio polo que substitúen esa riqueza (a inocencia) por pequenos postos de poder e de mercado, de «sacrificio», onde están excluídos o amor e a ética, hoxe tan necesarias en todos os «campos» da humanidade; vivimos en «campos de concentración», pero non nos queremos dar conta; cada mañá, en Europa e no mundo, comeza o regreso a Auschwitz. Un tempo duro coma unha rocha vén-senos enriba, sen pensar. Só o pensamento pode furar a rocha.

## Amauta Castro

É febreiro

*Cando a xente viste de negro semella más pálida que de costume*

THOMAS BERNHARD

A primeira ferida é irreversible  
nada dela prescribe

I

Todo era inexacto (coma sempre  
as longas paisaxes semellaban daquela bretemosas  
catedrais ou espelismos difuminados por unha espesa tona de ar).

Lembro que camiñabamos xuntos (todos)  
e eu ofertaba as miñas mans baleiras.

II

Da verdade que fía na roca nacín  
e no embigo cortado da nai acollín o abismo.  
Eiquí no interior da folerpa  
a orfandade é a miña única luz.

III

Da miña ferida xorde o gólgota que ilustra o poema

Onde só resplandece a miseria pousarei o meu verso  
Onde a longa viaxe do mar avisa da nada pousarei o meu verso

#### IV

Irei até o finxido  
até a crucifixión non lembrada  
até o sangue que persiste nos océanos e nas espadas

Irei até o carreiro sen ninguén  
(perseguido)  
até o presente onde as rochas  
saben dabondo como é de peor a loucura

#### V

Envolvereime de reixa  
de rendición sombriza  
dunha cor agre e xiratoria

Cancelade o meu nome  
só a angueira recoñece o que escribo

#### VI

—Supoñamos que non hai ninguén na rúa neste febreiro e que o ar permanece frío e calmo, e que na fin deste inverno un río inesperado de choiva asulagara a estrada con violencia.

—...Rubiría polos muros

—Supoñamos que non hai muros

#### VII

Pero observo o meu mar de sede

Hai pétales perfectos  
que nacen da súa agonía

## VIII

Pido vivir onde afogadas  
en sal  
viven as bágoas

## IX

Terei curiosidade polas xanelas onde semella chover  
polo bosco primeiro onde ninguén camiña  
polo amor  
fonte de preguntas e de sombras  
polas persoas que sen propósito avanzamos cara á cinsa

## X

Eu soño con paxaros e con follas cheas de voces:

—Ven, imos chover sobre o mar de todas asinxuidades

## XI

É febreiro. Orballa.  
Sobrevivo sen sol.  
Uno os anacos da soildade que teño.

## XII

E sentarei finalmente (como agora)  
e saberei que o sufrido  
é un azar famento que mira de esguello  
  
(outras sombras virán pousar en nós  
así que vivide  
ou morrede recollendo as súas miradas)

## Baldo Ramos

### Diálogos con Eugenio Granell

*Penetrar en la selva fue tarea fácil. De pronto nos encontramos sumidos en la selva.*

*Tuvimos que recorrer un penoso camino, durante el cual se manifestaron los signos inequívocos del sueño y del terror. El caballo piafó y se encabritó cuando una serpiente cruzó veloz el campo, dividiéndolo en dos. De un árbol petrificado al que abrazaba un torrente de lianas, brotó un enjambre de arañas de león que tiñó de amarillo la luz de la luna.*

Con todo, conseguimos avanzar.

Conscientes de que abondaban dúas letras para erguer a maquinaria celeste das nove cúpulas que soportan as contradicións do poema, entramos na noite coa certeza da bubela que desvela os segredos de Salomón e non pregunta.

O cabalo, exhausto, bebeu no río de leite e mel no que a linguaxe evita a antonimia e a compracencia.

E confiou na cegueira.

No territorio da cegueira, os reis camiñan a catro patas e ninguén se axeonlla diante deles.

Ignoran as regras da analogía e iso impídelles dar cos camiños de acceso.

Algún sufriu a tentación do goberno, pero os paxaros de Farid Uddin Attar encargáronse de abortala.

Na cegueira, as raizames do primeiro voo poden rastrexarse a simple vista, se o paradoxo se interpreta dende o centro do padal e conseguimos que as malas lingua non delaten o celo da pantera.

*Millones de minúsculos gusanos gaseosos nos cubrían los pies. Nuestras caderas se ornaban con transparentes flores líquidas, microscópicas flores aterradoramente voraces. Al devorarse entre sí nos causaban quemaduras y ásperas heridas en la piel. Sudábamos tierra. Allí había un lago de obsidiana derretida. Viscoso, caliente, movedizo, adormecido. Era la polución de la selva. Comprendimos: habíamos llegado.*

O tambor do horizonte tensaba as nervaduras do amencer.

A luz era líquida como lava seminal que remonta a ollada primeira ata dar coa espiña dorsal da transparencia.

Mentres fervía o opio nas olas da consagración, unha muller con ollos de bubela abriu un libro en forma de mazá que ofreceu aos incrédulos que termaban da pedra circular da felonía.

Aínda escrito nunha lingua xa esquecida, a muller con ollos de bubela soletreou o nacemento do Paxaro Pi, unha vez que considerou as consecuencias de ter falseado as escrituras da fundación da cidade e a interpretación do seu canto.

*Pero ella, seca de sed de amor, divisó el aleteo circular del Pájaro Pi.*

*El Pájaro Pi con membranas de aceite de cacao.*

*El Pájaro Pi con antorchas de sabután trenzado.*

*El Pájaro Pi, que inocula chicha en las membranas de las hojas secas.*

*El Pájaro Pi, portero del canal que conduce a la selva.*

*El Pájaro Pi, coronado de silencios en punta.*

*Con una sola pluma, aunque sea muy tierna, el Pájaro Pi borra todas las huellas.*

*El Pájaro Pi, sedante.*

*A veces, el Pájaro Pi es grandioso y cálido como el rumor que emana del rocío.*

*El Pájaro Pi, tan amable, cuidó nuestro caballo.*

*Oh, gran Pájaro Pi, el caballo era un montoncito de granuladas. Sus cuatro patas, buen Pájaro Pi, eran cuatro raíces. Oh, Pájaro Pi de raíces aladas. Sus crines, las diminutas plumas del Pájaro Pi mismo.*

*El Pájaro Pi aulló y se desplumó.*

*Sólo fauces, el Pájaro Pi.*

*El Pájaro Pi, temblequeo de flechas y semillas.*

*No; el Pájaro Pi era —esto es lo que era verdaderamente—, era el húmedo secreto de la selva.*

E na selva quedou para render contas do seu canto.

Paxaro Pi de afiados silencios de cristal.

Paxaro Pi que aniña entre as palabras que borrou o alzheimer.

Paxaro Pi que aprende na cartografía do baleiro, mesmo antes de asumir o retorno.

Dende a cantiga 103 de Afonso X, o Paxaro Pi remonta o río da eternidade para corresponder co seu exilio.

Sente o roncexo delator do vento que o afastou do paraíso.

O paraíso primeiro.

O que ignora a linguaxe dos paxaros e evita a resposta ambigua do condenado a morte.

Pero hai outro paraíso.

E o Paxaro Pi coñece a súa orografía ascendente, vertical como a complicidade coa sombra, como a tinta que delimita as voces que inxectaron de púrpura os misterios da fecundidade.

*Todo se renueva. Todo continúa. Todo se repite. Todo sigue igual. El ciclón es ciclón, el volcán terremoto, la selva es el río, el río es el volcán, el día es el ciclón, la noche ya no es noche o sí lo es aún. Al manejar su máquina, el Pájaro Pí se extasía.*

*Queda envuelto en un torbellino de visiones que juntan en los aires las cúpulas urbanas de Coria, Burgos, Guanajuato, Soria, Manila, Charleston, Valparaíso, Lima, Bogotá y Jerez de la Frontera vacío de dentistas y gitanos.*

*Reina el más estricto orden lógico.*

*Una vez fecundado el Pájaro Pí, que es pájaro-nube, que es pájaro-lluvia, que es pájaro-piedra, que es pájaro-espejo, su varonil palmera capital riega las tierras. La maquinaria de hojas, raíces, aves y luces no hace más que engullir crepúsculos y auroras.*

*Si aletea, el Pájaro Pí abanea el volcán.*

Compostela, novembro 2012



Cubierta do libro de artista Homenaxe a Eugenio Granell, 58x78 cm, exemplar único

## Carlos Lema Salvado

I

Vai camiño da Praia  
con vellas sandalias  
pisando a queiruga, e  
esculpe a Berenguela  
con cada pegada.  
Que che aprendan  
lunfardo.  
Chíscalle un ollo ó solpor,  
fala coas gaivotas.  
Deixa que choren as  
pedras desconsoladas.  
Mira ó ceo, aplaude e  
marcha.  
Espera a que alguén che  
responda. Creba as marxes,  
vai máis alá, busca, pretende  
ATOPALO. Achégate, tácao,  
rabuña nela, non te  
conformes. ENCONTRA.  
Tranquilo, a xente non sabe  
do camiño, que non che mintan,  
non saben. Que lle pregunten  
ó ceo, coma ti. Que busquen  
eles tamén.  
Non aparece nos  
mapas, nin nos atlas, nin nas  
enciclopedias. O saber dos  
vellos é caduco, pasado de  
moda. Non vale. Olvídao.  
Vai buscar á  
*Rua das Janelas Verdes.*  
Pregunta por alí.  
Busca onde  
acabe o mar. Busca ben.  
Viaxa no avión feito con

papel de xornal. Voa de  
noite e escoita mentres  
a música das rúas de Madrid.  
Déixate  
guiar por  
Kostas Jaritos.

## II

Quen é o que condena e quen o que  
perdoa?  
Quen é o que cansa? Quen o que  
cheira a mar? Calamos.  
Suspiramos na noite e chamamos  
por quen nos debería de ter ensinado  
como saír da tobeira, como  
enfrontarse ó mundo exterior.  
Atropeláronos a todos contra un piñeiro  
vello. Choraron despois, e puxeronlle  
candeíñas ós santos, ás meigas e  
choraron. Choraron moiísimo.

## III

Non poderás comigo porque  
son más forte ca ti, xa que no  
fondo eu controlo o teu respirar,  
porque te alimentas do aire que  
me sobra, porque es un voitre.  
Se eu morro, ti morres inevitablemente.

## IV

Escuros e fértiles terreos labrados son as persoas polémicas, a xente que  
dá que  
falar.  
Non hai cousa mellor ca un inconformista, un  
inadaptado, un amotinado, un  
rebelde con causa, un  
insubmiso.

Exóticos e histriónicos deben ser  
os axiomas  
sobre  
os que  
se asente  
o ser daquel que busque ascender: más piares pousados  
na superficie do mar, así chamarán más a atención.  
Con todo, o polémico ha de ser snob: Que pode haber más  
polémico ca un inadaptado snob? Seino: Un rebelde de pasmina...  
A beleza da rosa que pica, a grandiosidade dun mar que mata ou  
o frío dun xeo que queima. Contradicción: fermosura, arte, nós.

## Celia Parra

### A soidade dos nomes

#### I- No escuro

O que non é palabra non ten corpo.  
Non sente nin padece,  
non existe.

Mais ti tanto tempo palpitando  
entre céñit e nadir  
estendendo a túa luz sobre os días  
a cámara lenta.

Ti tanto tempo reclamando o que che pertence  
ti tanto tempo soa  
ti  
malia todo abrigándonos.

Tan só un nome  
para construír sobre el a túa historia.

#### II- Preludio

O medo era anhelar a contención  
sabendo que  
en calquera momento  
a dor           rebentaría as comportas

Así o encoro na gorxa.

#### III- Un río era unha promesa

O aire está mancado pola curvatura do teu ventre  
garda a forma exacta  
a calor.

Cando vai treboada e o aire é denso  
podes atravesar cos dedos o espazo do cuarto  
e apalpar  
o que puido ser  
o latexo case extinto dos condicionais  
o tempo por abrir.

Ti quixeches ser río pero o aire  
o aire lembra a raigame das letras.  
E non hai fuxida máis infértil ca o movemento  
cando a suspensión dos puntos de orixe e destino  
é unha espada de Damocles  
que oscila  
lento  
sobre as marxes.

Clara Vidal

De nome proprio, Alois

Compás a distancia que me dispón cara o teu sur desorientado,  
a conexión umbilical  
que gardamos                          a morte  
na estirpe sobrenome  
á que obedezo,  
ainda que non me corresponda.

Levo os teus apelativos nas orellas  
máis afundidos que os pendentes.

Igual que as historias da nena do parque –que non existiu nunca–, a invención do cabalo do camiño a espernixar

ou ti chea  
nas cartillas da fame

inefábeis.

Quérote alén do gume afiado dos teus vocativos.

Que estiveches aí,

intanxíbel,  
no arrolado da nenez dun prado verde.

Que me deron a vida  
para me recoñecer nas bágoas prístinas  
os teus ollos augados.

Viraches cara a min oceánica,  
cravando a ferro  
esas engurras da rabia  
ameazando a mañá do galo  
coas túas patas.

Comprendín  
-sen escoitar os berros-:  
o fogar seguía alleo.

Cheguei,  
coma sempre,  
cunha carga infinita de amor para ti.

Biquei na túa testa  
mentres pousaba a túa man na miña  
para te acariñar.  
Coma sempre.

Coma sempre,  
mudáchesme a rateira  
na túa ruta ao esquezo,  
onde eu  
endexamais terei nome.

Deixáchesme morrendo.

Logo de terme chuchado a vida,  
abandonáchesme na porta  
da mesma morte.

Dérache  
a pouca enerxía enferma  
que me quedaba.

Xa non son materia.  
Non existo sen ti  
  
e non sei perderte.

Na memoria,  
non haberá funeral.

Primeiro premio do certame  
*Manuel María da Casa Galicia de Gipúzkoa*  
no 2016

# Daniel Salgado

## Sobre a moral

O incorrecto avanzar da primavera caracteriza os ceos.  
Marca o inferno moral ao que sucumbe a época.  
Non nos rendemos e nin así damos entendido  
por que non podemos ser amábeis.

A chuvia tamén varre os nosos ósos.  
É indicio de que non existe remedio  
para unha paisaxe tan doente.  
As enfermidades da alma non curan á intemperie.

\*

## Sobre a liberdade

O que facemos coa verdade,  
considera Gil Scott-Heron,  
é a chave do camiño á liberación.  
Pero non sabemos que facer.

Sabemos apenas que do tempo atmosférico  
depende a nosa idea.  
E que ningunha servidume  
cae polo seu propio peso.

\*

## Sobre a linguaxe

A nosa débeda coa linguaxe ascende.  
Tendemos a esquecer  
que calquera pregue do idioma agocha vermes.  
E áinda e todo porfiamos,  
  
como as silvas resisten á ordenación urbana.  
Porque o combate é a morte.  
Nin as flores más brancas impiden a dura realidade.  
Nin o significado se nos revela en cada abrocho.

### Porta

A porta, ben se ve, é corredía. Ela corre por nós. Nós apenas ficamos con vontade de correr. O avance do seu desprazamento é directamente proporcional á intensidade do desexo. O desexo podería ser, un supoñer, o de correr polas corredoiras. Mais onde vai que non existen corredoiras neste mundo. As corredoiras só se dan nos soños dos incautos. Existen os corredores e, inevitabelmente, a vontade de correr. Corredores inzados. Con tantas portas como tigres. Cada un casado coa súa. Con cadansúa porta ou caranguexo. E nas corredoiras inexistentes, esas que medran co desexo, penduran amoras os días primeiros de setembro e o zume atópase nos dedos co sangue que na pel abillan as pugas das silveiras. Elas igualmente inzadas e sen portas. As corredoiras, de silveiras. Aquén da porta certo é que tamén o sangue prolifera con máis ímpeto cá herba. Algún chiando nas paredes. Agochado as máis das veces por dentro dos tecidos coma nunha homenaxe ao desvarío. Sangue estanco contrario ás correntadas. Esas que empecen, poderías deducilo, a porta. A porta é unha cifra. Está a ollar para min cos seus non-ollos. A porta corredía vixía, por suposto, o dito estancamento. Así e todo non ten conta da vontade de correr por tras do ferro. Da intensidade do desexo. As vontades císcanse fóra do seu radio de acción. Son algo semellante a prófugas da porta. Tampouco sabe que nos adentros conspira un nó corredizo ou desenlace. Que non é a pesar da disfunción dos protocolos. Porque corre más o pensamento, o corpo fica indemne por agora. E a monstruosidade da porta é pezoña atrincheirada nas pupilas. Alén desta, en sucesión, unha outra porta vai e escorrega. E outra máis nun percorrido que chama ás avesas polo tedio e ensancha o oco na cavidade da boca. Desafinado de ferros. Fereza de porta portaaspectros. *Mise en abyme* de portas corredías. *Mise en abyme* elevada a innúmero expoñente. A porta parece que impele a escapulida. E o desexo de ser corredor de fondo arremete contra. Pero esnáfrase na tenacidade do metal. A porta vence. Se atravesa a porta, o vento empantana. A porta ábrese, pero son unhas fauces.

## Cangrexo

Penso nas paisaxes abertas da sabana uruxuaia, a foresta húmida con araucarias. Nas da Pampa, limitadas pola encosta do planalto, ou nas estepas de cereais, sen dúbida abertas, sen arboredo, cultivadas, a barbeito... Non se abre. Na hidráulica das canles abertas, canles erosionábeis que se socavan mais non se sedimentan, canles en pasto, tránsito de crecentes... Non se abre. Na voz materna, airada, botando a man aos manubrios todos e só anos máis tarde souben que viña sendo aquilo de seica es filla de porta aberta, coma min, como con certeza haberían ser as que xa non hei botar ao mundo. Non se abre. Penso nas pernas da miña nai, abertas no momento de parirme, abertas no momento de facerme, na porca aberta de arriba a baixo porque malparira e se fixera machorra, na porca de Bego toda aberta de pernas no autobús de camiño ao instituto, no seu tufo de feromona. Na ferida de Carlos na testa despois de caer da bicicleta, na testa aberta de Carlos, no nicho aberto o día que o pasearon en caixón da igrexa ao cemiterio. Non se abre. Nos días que abren tras días de ballón, na bélvera que abre a súa tona xa andado outubro en San Martiño do Bolo, no suco que áinda abre a avoa para pór un eito de patacas e nas laranxas amargas que parten tras lanzarse ao precipicio sobre a rúa, os mexos dos cans e mais dos homes. Non se abre. En falar coma un libro aberto, en silencio, en falar coma un corpo aberto, con alguén dentro. En como o tío Fernando me ensinou a abrir as nécoras sen mancar os dedos, a abrir as centolas, as ostras crúas... a fechar a boca cando puña a man na miña braga de perlé e eu non a retiraba. Non se abre. E outra vez nas paisaxes abertas da sabana uruxuaia, no tránsito das crecentes... Na boca e nas pupilas fixas que permanecen despois de que o coitelo atravesa algún órgano vital. Nas miñas pupilas fixas no cangrexo. E o cangrexo non se abre. O cangrexo non se abre. Non se abre.

## **Emma Pedreira**

### **A nena rara**

#### **Señorita**

Quizais doce anos (quizais)  
e sen bicicleta e sen preferencias pegadas nos antebrazos,  
calcomanías e sen chicles nas solas

os cordóns —un si e o outro tamén—  
porque áinda era impensable ser a suicida

as mans nos petos, quietas  
ou mellor fóra, —que es unha nena—  
e non podes escaravellar no forro dos pantalóns  
tan cerca das coxas, desa pel perfecta  
que se acariña na barriga dos cetáceos  
prateada tersa e libre de dano

como unha aleta entre as túas pernas  
golfiño ou quenlla

como a diferenza entre incisivo e cairo

señorita quen, señorita ti,  
a dos xeonllos pus  
a dos nocellos azuis do castigo  
a marimacho, a pirucha, a desafío  
a que ri —boba— no medio das penitencias

rillándoo todo cos seus dentes de sangue  
ou de leite.

## Emoticona

Contáranme dixéranme tíñanmo debuxado.

Nos ollos —canto antes— como unha marea púrpura non soñada  
atravesada de pegasos emocionantes  
reclusións segredas nun trono de louza  
artefactos novos para usar  
a cesión dunha importante chave para entrar no reino coa saia chea de  
amoras rezumando  
os seus líquidos de sombra

con doce anos (quizais)  
quen é quen de pegarlle un sentido ás cancións que soan de fondo  
a que ao escordar un pé estala e incha  
e que é o hime e a flor e o xardín lonxe do seu significado primitivo

Pintáranmo detrás dos ollos —a preparación, digo—  
como algo que se facía miúdo naquela dor de pinchos anos antes  
pintáranmo como eu non entendería o poder dos bisontes na pedra  
se nos pastos nunca foran vistos

e ao final eu sentada durante horas  
cabalgando os reloxos e a incomprensión  
totalmente soa e perdida con frío na ferida que non doe  
así salpicando tictac tictac  
pasa o tempo e eu perdida nos meus dedos pintados  
(que alguén veña toc toc)

## De aquí en diante ser mala

Tóxica  
os homes xa non deben tocarte

nin as correntes  
nin o sol nas pencas das costas facerche ese debuxo de liñas  
de unir de número a número

nin pasar xunto ás prantas sen que apodreza a súa semente

o teu sorriso colgando coma ósos  
entre os ósos dos bosques de Uppsala  
unha advertencia  
para a dor e os corvos

*cave canem*  
*cave lupum*  
*cavete mecum*

### Ersebeth Bathory on me

Báñome, virxe  
e medro  
coma unha planta carnívora

este desexo  
descobre o seu estoma  
rebentando (entre o sangue) a súa abertura de luz

que detesto

### A nena rara

A nena rara  
pasa as doas polo inicio do fío  
e despréndreas polo seu cabo

illa o tempo  
para nada

para nada

escribe en papeliños orfos dobrados até o derradeiro límite  
e lava con xabón de taco  
lagartalagartalagarta  
ás agochadas

a súa mancha

## Isaac Xubín

### As armas colocadas no vector

A fermosura xuvenil nos movementos de quen  
para pagar un café

saca do peto unha presada de moedas que seica  
non servían para outra cousa.

Eu sabía que aquela noite as pedras,  
as árbores froiteiras e a muller proparoxítona  
rabuñarían os meus instintos no paraíso perdido,  
en Compostela.

Pero despois de caer en emboscadas e desastres,  
canso de traizón na casa e de derrota,  
atopei a ecuación que se axustaba ás circunstancias,  
que me deu valor abondo para mirar as miñas mans  
e admitir que a decadencia se instalara.

Os camiños de ferro supuran unha fe  
que os documentos non poden comprender e a cabeza  
do silencio asoma sempre como a derrota  
que baixa da montaña.

E daquela apareceron,  
edificios,  
esa música futura que non,  
unha serie de contidos que nunca xurdirán  
con maiúscula inicial,  
seguir fodendo máis aló do estoupido da alborada,  
o animal,

digamos a incerteza dende a rúa de san pedro  
a escouitar as campás do tránsito,  
volverán as mandíbulas dos cans e as animalias,  
armas,  
a alternativa do que é posible,  
practicar a esperanza e xerar unha violencia alternativa,  
colectiva.  
O relevante, xa que logo, é colocalas no vector,  
a lombos dunha forza,

aprendino nos libros para saber que as levaba enriba,  
cargadas,  
preparadas.

É así como se fai o heroe,  
pero a meirande parte das veces  
non temos luz abondo para observalo.



Dorna 39

Fotografía 1



Poema III



## Jesús Castro Yáñez

### Tega (tríptico dunha avoa que non sabía)

de todas cantas formas haxa de arar é  
esta  
só esta  
a única que ela non entendía

non sabía medir  
a roda de metal e especias das palabras  
o papel máis marcado cás bestas xuntas  
todas  
a primeira corda que tirou pola linguaxe  
nin o día que as voces asinaron enxertos  
pero coñecía de corazón  
cada ferrado  
e se aprendese a escribir os animais  
non se había de ver boi erguerse á maneira

A memoria é a parte do tempo na que o tempo baila. Coma se para facerse invisible abondase levar moito tempo sen se mover, hai xente que decide desaparecer das fotografías. Outros moitos quedan. Son tal que avelaíñas cravadas con alfinetes de luz, en caixiñas de cristais embazados. O afecto é a escusa viciosa que os garda de ser riscados da historia. Cando atopei un bolso cheo de fotografías nun dos armarios da casa, foi unha delas, na que saían a miña avoa e mais o meu avó cun dos seus fillos, a que más me chamou a atención. No reverso, ela escribíalle a el, que daquela se atopaba servindo na guerra. Había palabras más veladas ca outras, coma *muger*. Non puidera ir á escola e non sei como aprendera a escribir, igual de véllelo facer aos fillos. Levoume moito más descifrar algunas palabras do que tardei en recoñecer o que lle doía. O que sabía amar. As últimas liñas falaban co más resolto e claro trazo: *adios amigito astalatuya*.

hoxe o seu fillo  
senta tras da cociña de leña  
coma quen di un cordal

non hai outro horizonte na casa

no devalar da tarde  
apaña faíscas á ardora  
pinga o tempo a cada lampo

*—e ha de chover?  
—está a soñalo.*

## Lara Dopazo Ruibal

### o monstro

*Nihil certi habemus in nostra scientia,  
nisi nostra mathematica*  
Nada hai de certo na nosa ciencia,  
fóra das nosas matemáticas  
NICOLÁS DE CUSA

a quien lle pertencían os números, preguntou  
e se o primeiro de todos eles debía ser o máis pequeno

nas galerías daquela casa  
espirais, fórmulas, sucesións de ceos  
auspiciados polo ollar canso de fibonacci

no día primeiro falou de xeometría e aritmética  
das proporcións dos corpos, do cálculo  
aproximado das súas áreas,  
os seus volumes. a predición da súa traxectoria  
a velocidade exacta dos seus pensamentos

despois virou cara aos números imaxinarios  
os que lle habitaban a caixa do peito  
e navegaban pola auga e polo sangue.  
o nome que tivera sempre antes de nacer  
os rostros e as mans que perdera no transo do xiro  
as palabras pronunciadas na caída da folla.  
os medos

nos medos fixo un alto. estaba no día dezaoito  
e estaba na noite dezanove. o seu iris  
xa non era lexible coma antes  
e os números revelaban unha tendencia clara

á escuridade, á confusión, a signos  
que xa non eran universais e predicibles.  
as sucesións de ceos, tornados en noite  
non permitían anticipar os cambios de estación  
nin as subidas e baixadas das mareas.  
no medio daquela escuridade  
os números non eran guía nin intuían o camiño

non se pode calcular o universo cun só número,  
dixeron as paredes da casa,  
non se pode coñecer a incógnita  
se só se sabe contar con números enteiros.  
as incoherencias non podían ser integradas de todo  
e traducíanse en silencios, en combinacións absurdas.  
en linguaxe matemática aparecía o baleiro:  
non toda a escuridade era transcrita.  
busca no tacto as fraccións, dicía a voz,  
só nas fraccións atoparás o sentido da negrura.  
os medos armábanse en fórmulas extensas  
tan complexas que sobordaban o espazo da casa.  
na xeometría fractal, a escuridade multiplicaba os seus patróns

un golpe de aire atravesou as paredes  
e os números más pequenos comenzaron a se colocar.  
diante dos ollos aquel caos simbólico  
adquiría un sentido inusitado: as proporcións  
quedaban identificadas como os corpos:  
as cores, as texturas naturais, as incógnitas  
todo era descifrado e deixábase ler  
coa facilidade coa que as ondas enchían as praias.  
conforme as cifras foron caendo en orde  
e as ecuacións tomaron o lugar que lles correspondía  
a escuridade persistente tamén desapareceu  
coma se esa fose de sempre a súa misión.  
as paredes e o teito fixéronse transparentes  
ao contacto coa luz cegadora que o arrasaba todo.  
os algoritmos eran agora partículas en suspensión  
a contar as virtudes da súa harmonía.  
nada parecía lembrar a noite longa na casa do monstro

## Lara Rozados

### As cousas que xa non

O «carbón para Mike»  
e as cinsas do Gramsci,  
«a fala dos avós que temos mortos»  
e as cartas das amigas  
que temos fóra.

O pelo que nos cae,  
a pel por onde engurra,  
ou a que sobra no ventre  
despois de parir,  
a música da infancia,  
o que esquecemos,  
as cousas que xa non  
(nas barbas de quen,  
as bolboretas?)

## «O terrorismo de estado é certo»

Teslles fobia aos uniformes.  
É coma cando soñaras  
que o tipo aquel da *Falange*  
que sempre levaba o chándal do *Ejército*  
e unha pinga de vermello nos ollos,  
che bisbaba algo no ouvido  
e ti non te podías mover  
(e non hai nada máis angurioso  
que querer espertar dun pesadelo  
consciente de que dormes  
e non dar).

Ou coma cando  
había aquel despregamento  
da Garda Civil  
alí, onda o local.

E un tipo con pasamontañas preguntara  
—Vive usted aquí?  
—Non, pero estou nunha asociación que ten o local aquí.  
—Pase.

Ao chegares arriba, tremías.  
Despois soubeches a que viñan.  
Os xornais dicían algo de que un rapaz  
quedaba baixo «tutela» policial.  
A palabra arrepioute.

## Lino Braxe

### Cuarteto parisino

#### Cambio de garda

Acabouse a festa.  
Este é o prezo da agonía.  
Perderte e saber que nin te inmutarás.  
Chorarás un pouco  
esquecerás para seguir vivindo.  
É o que facemos todos.  
Habías ser ti diferente?  
O sol de xaneiro, en París, é delirado.

#### Palabras amistosas

A dor, o cuspe da dor,  
o domesticado sentir,  
o sol vermello das bágoas,  
os deuses da choiva que choran  
sobre as miñas humildes intuicións,  
sobre as miñas suturas mal cicatrizadas.

#### Salmo

Vai para trinta anos que morreu.  
Só lembro as noites de hospital  
coidando do seu hálito de vida.  
Non lembro nada máis,  
agás que foi a miña esposa  
durante catorce días.

Era isto

As cargas da vida  
son un territorio común aborrecible.  
Non pagou a pena.  
Algún sorriso xunto ao mar  
si que lembro.  
O resto son humillantes sacrificios.

Escrito en París, entre o 2012 e o 2013

## Luz Pichel

CO CO CO U

nun desesperedes        vós        as esuriñas    que axexxxades entr  
os buuxos alá    desd u outro ladu    nun han cael as casas ó pa    ó paso  
d arroghante maquinaria    volv andar solt a ghaliña    mirádia    cua  
miñoc antrus dentes cantandu ceib e prumetendu ovus bunitus cuma  
unha sibila probe inspirada pula deusa das silvas

unha xílgara?

nun sei    unha melra?

ás noites enfiandu cunversas    ben que cantabades vós tamén  
comunais ó abrighu das pedras    parece que foi ontes debullábanse  
cestas de bunecas louras ieran    elas u    u refulghar    das nenas  
aburridas    ás noites alí    alí    alí    alí naquel cubertu cua luz  
averghunzada dus candís agha    aghatuñandu polo muru arriba    a luz  
apoucadiña    pulo curru adiante furandu    furandu nu silenciu

rapaza vestind unha mazaroca    surrindu  
spíndua debullándoll a ghorxa pra un  
cular d uvas de sanantón  
anuándoll un panu  
na cabeza berrándolle  
mala nughallá lacaceira  
nula nulidade  
nulípara numantina  
arrulándua miña  
miña xoíña miña xugheta  
miña xughraresa  
abeloura  
amendueira camelia cabaza  
filudendro fionchu flor de cristu

cantandu sen permiso por cccincuentus ou más anus na percura dun  
chisco de vaghar inn inn innurástedess uvoso propio cantu descoñecéstel  
a beleza dus ríus augha pros pradus    us nomes dus paxarus e das herbas  
inútiles cumedores de ghran i atrousadoras du millu innurástedes as leis  
maiores dus estadus e das ghamáticas cumandadas pur uns arcabuceirus

nun se ten medu ón rei que nun transita o sitiu nn nun se recea  
de cear cantandu nu lughar que existe sen lugharar

óese unha mulleriña tatejar cunha  
voz acurtada  
un murmuriu aghochada tralas silvas  
cutelea cu sonu acena cunha man  
estate quieto di  
deixa o *h* brodie deixa u *u* non  
lle póñala man encima á miña cabra  
este animal que ves aquí é a miña  
cabuxa u forasteiru é charles  
charles brodie nun se lle quere mal  
nun é fan dus animais dumésticus  
nin de culleitar devece por desfacer  
palabras vive dis u pobre

interviñan us códighus i o muuuuundu cu mandu pulo mangu  
pula manga pula mingua munga disparandu pra vós alí alí alí alí  
mendrellus contra un penedu

baléirolu sacos cintinelas  
atentus de muiños daugha aghardan  
a rematadura da muenda raparighus  
subidos ón carballo á luz da lúa arreghuadiña  
a vosa sombr abanexada pulo ventu du candán  
atacada dus lobus  
tal e cumo contaba u papá jesús  
baléirala ssss alforx du seus días cans

élelos muiñ boulandu noit e dí moa e muega tarabelu e rudicio  
aproveitand u temp cu xerundiu antepost ó decaementu du seu son  
roufeño rouquiño vaia  
nn nun nun nun desesesperedes esperando polo que polo que foi polo  
miudo polo de pronto da vosa desssscendenccccia tanto como suñasssstes  
a redención viña da man dus viña du mandu viña dus mandus que  
ían vir  
e vir viñerun viñerun viñerun boh boh!

aparece a fighura dunha árbore rara cun nove

raíces ó aire sete fraquiñas e dúas ghrosas tronco  
xighante nin sete abrazos encadeadus darían  
pra abrazalu as pólás eran a) dúas no medio tiraaaaaando  
cara a riba e b) sete  
vulteadiñas cara abaixxxxxu cousa de indiciar tristura  
a folla áinda verde toooda polo chan estrada  
alghu que parece un nenu sucísimo come  
cireixas debaixu unhas boas outras a medio  
cumer dus paxarus e nun era un neno era  
un home pequenijo nun sabía  
recoñecel a cireixa podre  
as dúas raíces más cativas semellan  
engharameñadas unha noutra a de más á squerda remata en dous  
gharabullos recubertos cun escarpíns de la e botas de cor vermella sendu  
néghralas antepostas botas da raíz cocupa a posición da dreita  
o rapaz vai en canelas  
ponse a medral a árbore nese intre e espáaaaallase cuma a masa na artesa  
medra e medra prós lados e pró ceu ata desaparcer detral as paisaxes  
e nun se ve más ca esa rareza unírica us us us us za  
us zapatíños estrullados pulo volume da masa

ios que viñeron e viñeron e virán eran suplantadores súpetos da da  
múda música más da música más da música más linda du  
cantar deles du canto da ghaliña ceibe

e por que linda?  
nun sei o amor é lindu  
o amor é linde  
ai si? nun sei raiar lindar estremar unhas cuas outras as  
leiral as casas us corpus abrigharse  
medianís de pedra sepulturas tamén  
innóranas eles innóranas aparcendo tralus buxus

mas nun deseperedes us que mirades para nós desd a quietude desa  
américa sombriza será quietude? será sombriza? mirade como áinda  
nace xente d enmeighadora ghorxadura a neghrume nun dá leite nun  
dá patacas nin cabra dá nin ranchus que dá fume du negro e dá  
loito loito de panu e saia e cabeciña

iso si que si ai perú ás veces das mesmas bocas duns túneles moi moi longos saen multitudes con fachos acendidos feitos de palla de centeo

ás veces a neghrume dá loita ho e loitar sinifica pelexa revolta ou brincadeira

o verbo faise nome loitar?

fai home e fai muller e fai e fai e e e fai

aghardade santiñus deixade madural u cereal pouqu e pouc brodie abanex us braz que mal ten aghardar algho más tedes por diant o temp u tempu todo u tempo tantísimu tedes e retedes

máis ca min que veñu de collel u tren pra a casa vosa uns virasois pulo camiñu unha planicia unha trebuada un atrevidu u brodie unha velocidade cuma de cabalo bala nada un soplar un solpor un pis pas un pis un paso un pas de rien un nada plaf un puf un pufo

andu tratandu de andu tecendu con andu tentandu ó andu poucu veño pra vin prós pradus coa idea dentend limpala poñer lilas nas ter cun vustedes unha para seghírmonos queréndumonos con superesdrúxula querenza nn nós nós e vose vustedes por respektu [...]

Madrid, 30 de maio de 2016

## Míriam Ferradáns

que se chamará Caín

Entón souben que terei un fillo e que se chamará Caín,  
como tamén se chamaron os outros que antes sentaron á mesa.

Na colmea, as abellas más novas nútrense de premonicións  
por iso a súa mudez non impide o anuncio da primavera.

—Deberiamos sacar un panal,  
a cera debilita a forma.

Mentres, unha nena agarra con forza a man do señor maior,  
a súa non é a delicadeza do pétalo, senón a das raíñas.

Na nosa casa repartiranse a partes iguais  
o amor e a comida.

Alimentaremos con ausencias o centeo da memoria  
e volverán a nós as pantasmais  
que nutren as familias con lazos que matan.

Somos fillos da casualidade, non do amor,  
e, ao igual que as flores que enxendran tubos polínicos para a reprodución,  
nós, tamén dependemos das abellas.  
O amor, se chega, faino despois,  
cando temos distribuídas as colmeas.

—Deberiamos sacar un panal,  
o mel debilita a forma.

Os lazos xogan entre os pés ao equilibrio  
porque non somos nós a familia perfecta,  
nin sequera somos familia, de feito poderíamos sentarnos  
por orde alfabética.

Non somos nós,  
senón a idea  
a que nos mantén con vida.  
A nosa antropofaxia habita no disimulo,

comer para non ser comida:  
a traizón do apiario.

O aguillón mutilará estes corpos irtos que logo devorarán as ratas.

O veneno é cuestión de permeabilidade  
e nós somos capas de adherencia, filtración.

—Deberíamos sacar un panal

o zunido debilita a forma.

Os abázcaros serán comidos polas ratas, a raíña será comida polas ratas  
a nena que agarra a man do home, será comida polas ratas, e o home, e  
outras ratas.

Cumprir coa cuadratura do círculo roedor.

Sei que terei un fillo e que se chamará Caín  
porque somos capas de adherencia, filtración.

## Moncho Iglesias

Un arco da vella cor carriza e cobre  
a tea asfáltica da cocña do parvulario  
Un arco da vella vernizado de lavadoiros e arrolos de bidé  
fai sombra aos sorrisos das bonecas parindo algodón  
Fai sombra ás arañeiras do gas xa caducado  
É a sombra dunha nora que nunca xirou  
a sombra duns coches de choque que só unha vez se bicaron  
a sombra dun carrusel onde rinchan cadeas  
E entre as ferraxes do tempo nas pegadas das árbores  
a sombra dun pupitre  
a sombra dun pupitre gaseado con máquinas rexistradoras  
un pupitre auscultado con botellas de leite acabado de espremer  
un pupitre que moxe cadernos con pingas de aceite e sal  
un pupitre izado en olimpíadas de entullos e tubos fluorescentes  
os tubos que arremedan castelos interiores e que cada abril estoupan en  
péntalos murchos dunha europa que ainda só balbuce e farfalla mentres as  
guillotinas se elevan nas selvas onde crecen xiringas de formigón con pole  
invisible de cor cheminea  
os tubos que asfaltan as veas enfermas das gorxas castradas  
os tubos que gorentan o xiz dos encerados en branco  
os tubos que conectan a enfermidade co enfermo e o enfermo co disparo,  
ese balazo que afoga na sintonía dun cuarto compartido por varrer.



Dorna 39

Fotografía 3

Kermesse Pg



Dorna 39

Fotografía 4

Kermesse P24

# Noelia Gómez Calvo

## Aromas

### I

Pés fríos  
calzando vertentes,  
no pelo a cola de cabalo.

Maquillaxe  
perfume  
vestido  
diante do espello.

O hemisferio dos corpos  
na distancia  
contorno.

Os inicios son mans tremendo.  
Zapatos novos.

### II

Espíasme ás escuras  
no instante máis afastado  
do mediodía.

A esencia de serpe cobre os ollos  
cortinas apetito  
parqué  
calefacción  
entrada de balde ao meu cuarto.

Fóra a néboa esconde o eco do sol.  
Nas miñas costas  
ules a mazá verde.

Xiro  
o baleiro no centro da mirada.

### III

Se pecho os ollos gritas dentro  
amendoado  
aséptico  
son baleiro nun cuarto sen ventá.

O pulso arrasta mareas de decembro.  
Toxos cravados no embigo  
uñas entre a terra  
frío na pel.

Fuxir soa cos ollos vendados.

Xoguetes de cogomelo  
o teu olor nas mañas de Notre Dame.  
Linguaxe da estirpe.

Na chuvia cores atravesan  
pensamentos salvaxes  
-ás veces o desexo precisa barreira-

Corpos tinguidos nunha brazada  
o sol cega  
pecho os ollos.

### IV

O corpo é cíclico  
na pel crocodilos.

O sentido do tacto  
identifica  
ollos nas paisaxes  
embigo  
dentro da boca.

Diante  
a saída.

## Oriana Méndez

A nosa avoa leva  
Estribela de amor entre os dedos  
trenza coas mans e deseña  
as nosas alegrías, vai con ela  
toda a luz do Atlántico. Que na  
ledicia nosa de antes sempre hai  
praia ou poida  
que estean as horas suspendidas neste  
tempo roído xa non lembro se  
todas as praias son  
todas as praias son  
o sangue morado das nenas

porque se puxo afiado e urxente  
o momento, así borramos xestos  
anteriores: o que as praias son  
o que as avoas son

sobre o Esla, ríos de fronteira  
e esta terra longa que acompaña  
plantacións e vida extinta de comuneiros  
en Castela, descende e latexa:  
a noite avanza coa xeografía, adopta  
o seu desprendemento, o camiño  
escordado coma o xunco dobra  
pero non parte

Hurdes, os pobos pobres do mundo  
o seu alento común de vento ou  
fame de calor entre todos de calor  
os réptiles sobre unha  
terra rota o seu intenso fume  
como emana da enfermidade de pobres  
este que nos abrangue  
este fume arredor  
prende a orquídea na suor maioritaria  
medra  
a primavera heterodoxa que edificamos

Ábrense as costuras no corpo como quebra  
o aire e dita restablecer a cidade, vense  
dilatar a pel simultánea á sede  
no interregno e todo o que existe  
quizais se trate só da ximnasia dun músculo  
preso ou era marzo  
a luz sobre o frío o padal derrétese e conxélase  
a vida infecunda nestas relacóns, de metal  
os ollos ocos, a pulsión que pide:

sobrevoa a vida como florece a cerdeira, pois  
divididos sorrisos e dentes ocupan neste  
intre do século as pontes sobre os soños  
e vidas / cereixas / dentes que aquí somos  
continuamente augas sobordando  
as marxes, recobrar algunha cousa como se  
entrega o amor fronte a un océano  
amor as ondas dar pensado a crista  
imaxinar a pirámide enferma  
a organización que temos ulcerosa  
para min que aí exacta está,  
a posibilidade más extensa  
de vida

Hai as uñas por dentro da fala  
de escoura que resgan todo o tempo  
as fronteiras da linguaxe  
que non dan medido os ritmos  
hai os anacolutos cúmulo de ruídos  
sobre todo estómagos en guerra no lugar  
de fronteiras están que ferven os límites  
do idioma porque  
racha o esqueleto  
esquema deste tempo que nos sobra días  
do de onte días que nos sobran  
o territorio arxiloso da derrota  
porque seca o material e somos a pel  
retornada dun naufraxio do que  
salvamos pero non e cando chegamos  
de volta estaba coma dinosauro estava  
a mesma esfera de morte exclusiva e capaz  
que é a índole metalúrxica

e así escacha a mañá entre as rúas  
deste buraco labiríntico mesmo lobeira  
continua que é Vigo avanzando subterránea ou  
superficie desde Candeán ata o lombo durmido  
das Cíes  
como digo, o astro entre os dedos  
entre o pensamento conxunto traslándose  
líquido alumea en lava  
como se inicia un incendio sen estremas

## **Paulino Vázquez**

### **Pola abolición de come-lo caldo**

Quebrar os guizos.

Quítalle ao noso idioma o tangaraño  
o palitroque vil, o garabullo  
Préndelle lume á sarna: a lepra, o entullo...  
a tranca que nos tolle, o negro raño.

Trónzalle o rabo eivado do diaño  
quebra con lira a canga do estadullo  
Xa nos fede esa escoura, ese zurullo  
Córtallo ben cortado cun gadaño.

Bota das costas túas o adival  
a argana, a forcadelas, o tarabelo  
as angarellas que nos puxo Hespanha

Tóllelle o gume eivado a esa gadaña  
que nos mete na boca un cotobel  
co rumoroso verso de Pondal

## Rafa Vilar

### Pa(i)saxes

#### Gaza

A noite cae  
sobre a cidade arrasada  
cuspindo cristais

Os meus ollos  
ábreñense ao espanto  
e maldín  
a violencia do invasor

Unha violencia cega  
que arpoa sombras  
polas rúas poeirentas

E as miñas mans  
xa só poden desencravar cadáveres  
envoltos en terra

Terra palestina e ocupada  
que o vento quere libre.

#### Idomeni

É a mañá  
a que volve a nós  
derretida e sedenta  
calcinando a nosa ollada  
ao pé destes arames  
que sangran zapatos rotos

Nós aquí somos  
se cadra sombras  
asfixiadas

baixo o seu propio medo  
que agardan  
por outras sombras

### Idomeni

O tempo detense  
canalla e impasíbel  
esta mañá  
na pel de Europa  
envorcando más frío  
sobre o noso exilio  
manchado.

### Kobanê

Abrázasme  
nesta noite mutilada  
e respiramos  
a mesma dor escura

Nas rúas levantadas  
a mañá trouxa  
un frío azul  
entre disparos cegos

E ti  
Kobanê  
resistes  
violentamente esquecida  
o novo inverno

Resistes  
pequena cidade e invisíbel  
para nós  
prófugos dos días.

## Lampedusa

O mar sempre o mar  
a cuspir un vendaval de sombras  
que miran para nós  
exhaustas

Que miran e áinda exclaman  
entre as coiteladas do frío más atroz  
o noso nome: Europa

Mais pronúnciano en van  
porque hai xa ben de tempo  
que nós preferimos o exilio  
o noso propio naufraxio

E apenas somos sombras  
a pobear unha paisaxe enterrada  
neste mar

voraz escuro incerto.

## Tamara Andrés

### O lume eterno

Eramos pequenos.  
Eramos pequenos ata que sementamos  
no embigo a urxencia da paisaxe  
e as estrelas que sempre acubillaran  
os nosos enigmas.

Medraron en nós os anos e as súas feridas  
soubérонse pasaxeiras. Nós anhelamos  
desposuírnos dos outros corpos  
e de nós mesmos, cravar a nosa rabia  
na beleza do instante  
e da luz.

Entón, cando comprendemos o significado  
da nosa terra, inserimos dedicados nela  
as nosas pegadas.

Estourou a terra que contiña a nosa  
semente e tivemos que aprender a apropiarnos  
dun novo universo. Desligáronse as nosas figuras  
da única paisaxe coñecida. As nosas contornas  
nunca se contemplaran tan precisas.

«Temos que apreixar un novo infinito»,  
comuniqueiche. A túa resposta foi a calma  
e tamén o camiño.

Un: reter na ollada a inmensidade do descoñecido.  
Dous: estudar as posibilidades da nova escena  
(ti xa comezabas a marcar o movemento).  
Tres: aprender a gozar da ingrávez  
da historia. Catro: observar,  
calar.  
Logo, bailar...

Baixo a condición de emigrantes construímos  
na nova extensión a arquitectura da harmonía.

Depositamos nos novos templos o peso  
do pasado que áinda se resistía dentro  
de nós. Fíxose dentro deles o lume eterno.

Nós equecémolo todo, agás a querenza  
pola pel. Tecemos cos fíos do tacto a nosa nova  
bandeira. Comezaron entón a falar as mans.

As fogueiras alumaron a nova linguaxe.  
A luz conduciunos ao outro. Nós detivémonos  
no seu embigo e bebemos del (áinda hoxe lle  
dicimos inesquecible a aquela beberaxe).

Eramos.

Eramos...

ata que o lume o anegou todo  
(detivo a nosa danza: apagounos).  
O lume non nos deixou ser:  
calounos.

## Xosé Daniel Costas Currás

### Tecedores de ferro

búscame! sempre nos pertenceremos.  
soñei dende a infancia  
un palpitar de máquina de vapor.

cheguei a chihuahua coa idea de volver á casa  
era unha cidade cosida de retallos  
que veñen da fronteira  
e volverán a ela.

saímos ben cedo.  
dende que estivera en alxeria  
é coma se todos os trens do mundo  
me pertencesen.

sinto a terra que percorremos.  
o tren arrecende a mazá  
e durmimos co acedo nos beizos.  
avanzando por unha terra estraña.

alí estaba eu respirando a calor.  
alí eu collía a mesma corda para chegar  
a unha vila incrustada entre as montañas.

búscame! sempre nos pertenceremos.  
xesús chega ao mediodía  
dende urique hai dúas horas até a estación de bauichivo.

as vistas son extraordinarias.  
os curutos parecen inaccesíbeis.  
a montaña está salvaxe  
e tan só hai unha raia que traza o fondo do cadro.  
unha liña que divide a terra da mesma terra.  
a palabra que torna a casa en descuberta  
naquel lugar deixei a espiña pendurando a vontade  
dun asentador de camiños férreos.

namorei desta terra dende que cheguei  
atopeime entre plantas de alcouve  
cun home derramado en cada barra.  
gastado en beber e xunguir a tequila  
un trago e un berro. embriagándose.

levoume a traballar cruzando a patria  
escabechando a rocha para pasar as vías sobre as pedras  
asentar o trazado para unha terra afundida  
afuracada e sen reparto.  
pensabamos que a terra podía coas nosas obras.  
faciamos un traballo inútil cando non dabamos chegado ao pacífico.

avanzabamos aos poucos  
a terra por veces facíase impracticábel.  
furamos. alzamos as vigas. pasamos en cada tramo os mellores anos  
da vida.

sentir como voan os homes ao redor.  
tecer o deserto  
cun camiño de ferro nas entrañas  
dun inferno de area.

ao redor non gastamos o tempo  
en apartar os mortos  
para seguir fiando o ferro nas areas saharianas.

volver sentir a queimadura fresca do ferro ao sol.

non podemos pensar en ninguén más ca nun mesmo.  
cando todos marchan na area asolagada.  
arrepentiámonos dos camiños ao carón.

pediamos auga.              tragabamos area.  
suplicabamos descanso e sombra  
mentres morriamos de cansazo pola noite.

fun unha hora antes.  
dende que levo vivido nesta casa pendurada

o tempo gástase en mirar ao bacio.  
dende as barrancas  
as cores da area  
finxen un respirar de cobre.

parece que retumba o chan  
neste silencio cando se sente a terra.  
esperar ao chepe é como escouitar  
palpitlar os barrancos  
dinamitar a pedra con auga e tempo.

o tren para min é a materia prima  
atopar entre o vidro a casa.

falámoslle aos curutos  
cando quedamos inmóbeis  
observando a serra tarahumara.

na estación de bauichivo espera un neno.  
anuncian que chega o chepe.

búscame! sempre nos pertenceremos.  
a piques de volver atoparnos  
miro para o cerro que teño de fronte.                   quero chorar.

o neno berra:  
«viejo! no te vayas a morir mirando para gallegos».

# Xosé María Álvarez Cáccamo

## Catro poemas

quen é  
quen é aquel que chama  
desesperadamente

no alto das cornixas  
desde dentro das cociñas derrubadas

desde o fondo  
do vaso azul e seco

e quen son elas  
as nais de tantos fillos sen arterias  
as que chaman  
con luz morta de pedra

e quen son eu aquí  
incapaz  
incapaz  
abraiado na ira

30 xaneiro 2015

Vexo a arquitectura elemental do sufrimento,  
sinto a semente da ira que non acaba de arder,  
escoito a interferencia dos discursos cínicos.

Non chega a nós a fórmula da luz definitiva, o número  
que precisamos para armar os aparellos dispersos.

Andamos na persecución dunha palabra xusta  
que arrastre no seu río desbordado  
os criminais.

O núcleo duro da gramática, a voz branca, explosiva, da revolta.

25 febreiro 2015

Escoito os borboriños do soño do meu pai,  
as faíscas da ira.

Interpreto o fluír das sílabas amorfas.  
Baixo ao soto das caldeiras que ferven  
para escoitar  
a maquinaria dos significados.

No punto central dos paradigmas,  
na nódoa do sentido, no fulgor  
das orixes da primeira lingua,  
vive e dorme, reza, hiberna,  
convulso vibra como un motor nocturno e permanente  
o corpo comprimido de Francisco Franco.

Francisco Franco aí vai. Viña no tren.  
Non o recoñeceron.  
Está detrás dos carros de carbón. Apenas fala.  
Con metálico andar ven camiñando.

Francisco Franco está  
na razón substantiva.  
Ollos de aluminio, labios  
de hermético furor,  
o seu retrato afunde na contraluz dos vidros  
e no soño que o meu pai envía  
desde o ermo da morte.

Ollos sen ollada, mofo, chumbo,  
está entre nós, estatua de alcatrán.  
En todas as casas manda disparar.

Vive no pensamento do meu pai por debaixo da terra  
e chega a min, medusa colosal, térmite  
que vén furando os muros.

Nunca deixou de estar.  
Ninguén o esquece nunca.  
Chegou antes do mundo.

7-12 marzo 2015



Eran os días en que a nosa nai aínda  
non aprendera a morrer. Vivía  
no equilibrio dos seus propios brazos de cristal aéreo,  
dos seus ollos de visión nocturna e asombrosa.  
Andaba vagacenta a percorrer os lindes,  
residía na altura, preguntaba cos labios,  
aboiaba nas lagoas de augas mornas,  
ingrávida indecisa, confiada  
nas mans que a transportaban  
pola tona das horas. Eran os días  
nos que nós, outra volta cativos extraviados,  
precisabamos luz, unha faísca leve.  
Preguntamos por que. Preguntamos por ti, polo teu nome  
que esvaece na brisa da fronteira.

Quero ver as alcobas de dentro dos teus ollos.  
Achégome ao teu corpo, tento  
na pel do teu perfil desartellado,  
no vidro dunha fenda  
por onde foxe o ar que xa non tes.  
E dígoche, amodo, como nun verso antigo:  
«marcha xa, vai marchando,  
procura o teu lugar,  
escolle o teu silencio».

Eran os días  
en que moi pouco a pouco  
estabas aprendendo a morrer.

16 xaneiro 2016

## Mario Regueira

### Pallasos na floresta

Fora Caroline a primeira en alertar á veciñanza. Volvendo para a casa en bicicleta, nas horas do luscofusco, alguén disfrazado de pallaso chamara por ela desde o interior do bosque. Probabelmente a historia de Caroline tiña detalles, pero nós esquecémolos. A simple imaxe dun grotesco pallaso recortado pola última luz do día e chamando por unha nena de catorce anos era suficiente para deixar pampa a nosa imaxinación e espertar os medos dos nosos pais. Unha certa psicose asolagou a nosa pequena vila e as adolescentes fomos escoltadas, vixiadas e aconselladas. A policía local sacou un comunicado recomendando que non se nos permitise camiñar soas nas últimas horas do día e que evitásemos as zonas boscosas.

De todos os acontecementos da miña adolescencia, a aparición dos pallasos na floresta actúa como un elemento vertebrador. No rebumbio da memoria podo ordenar as lembranzas nun eixo básico, un antes e un despois do encontro de Caroline co desconecido, un lugar no que comenzaron a soar os ecos de voces no bosque e os pesadelos da comunidade adoptaron unha forma concreta. Despois da primeira voz de alarma volveu haber máis testemuños. Ocasionalmente algunha crianza que regresaba tarde á casa aparecía nerviosa e arquexante, contando que entre as árbores vira un perfil con zapatos grandes e cabelos avultados, ou que alguén lle ofrecera doces a berros desde o interior do bosque. A policía chegou a facer unha investigación. Nun pequeno claro atoparon unha vella cabana abandonada. Non había ningúen, áinda que un nariz vermello ciscado no chan deu para pensar que os pallasos eran algo máis que unha lenda contemporánea, e tiñan que ter, forzosamente, algunha base real.

A miña adolescencia, como a de todas as rapazas da vila, virou paseninxamente de curso. Non houbo máis bicicletas nin máis aventuras na zona boscosa. As rapazas deixamos de quedar en grupos fóra dos fogares e unha parte das nosas relacións arrefriou e mudou. Foramos onde foramos, a comunidade parecía participar dunha vixilancia tensa e coordinada sobre nós. Se por casualidade alguén nos atopaba camiñando soas non tardaba en ofrecerse a achegarnos á casa, ou chamaba directamente aos nosos pais. Naquel momento vivímos cunha certa tranquilidade, un refuxio seguro que se opuña aos homes de cara pintada que aparecían nos nosos pesadelos e que os nosos pais imaxinaban nos cinco minutos de atraso cos que algunha vez volvíamos ao fogar. Co tempo, esa tranquilidade foi virando,

case sen decatarnos, nun ambiente denso e asfixiante, e nas miñas lembranzas aparece como se formase parte da mesma ameaza vaga e indeterminada que os pallasos representaban no fondo do bosque.

Tiña dezasete anos cando marchei da vila para ir á universidade. Quédábanme áinda un par de semanas para facer as maletas e non volver máis que para as comidas familiares e a luz do final do verán parecía encaixar perfectamente con ese momento da miña vida. Baixara da miña casa ao centro e perdera por minutos o autobús para regresar. Estaba anoitecendo, pero os días áinda eran longos, así que decidín ir andando, mesmo sabendo que tiña que bordear a floresta onde, anos atrás, Caroline se cruzara con algo terrorífico e inquietante.

Case non daba crédito cando o vin. Recortado contra a luz do final do día, un home disfrazado de pallaso gargallaba e chamaba por min a berros desde dentro do bosque. Áinda hoxe cástame explicar o que aconteceu, se cadra non foi algo meditado e simplemente respondín a un impulso que se tramara no meu interior nos anos precedentes. Lémbrome apertando os puños e entrando, con pasos calmos pero decididos, máis alá da primeira liña de árbores. Camiñei cara ao claro onde o home agardaba, como se a súa simple presencia, de pé coas pernas separadas, resumise todo o oficio de terror que trataba de exercer. Coloqueme a escasos centímetros del e cravei os meus ollos nos seus. Un deles tiña un debuxo en forma de estrela e unha bágoa negra descolgábase do outro sobre a maquillaxe branca que lle cubría a cara. Pasaron segundos longos coma eras nos que os nosos ollos se desafiaron entre o silencio do bosque. Nalgún momento algo se rompeu no interior dos seus. Torpemente, tropezando cos seus grandes zapatos, o home botou a correr na dirección oposta.

Non puiden velo, e non había Carolines en bicicleta para facelo, pero imaxino perfectamente o meu perfil cando aparecíngome de volta no camiño. Recortado contra o luscofusco, estirado nas últimas luces do día, sereno como o sorriso que se debuxaba na miña cara, tenso como os puños que áinda apertaba cunha mestura de rabia e satisfacción.

## Rexina Vega

### Carne sobre carne

Mentres observa a danza absurda do viaxante co seu membro empinado, unha toupa que fura, unha serpe que remexe a terra azul da tea á procura da súa cona rosada, imaxina a violencia posible, a vinganza certa, a bota esmagando o corpo cavernoso como unha cabicha sobre o picudo asfalto, imaxina a trabada, os cabeiros fincados, as pingas de sangue enlamando a lanaxe, a boca aberta, o boquexo do peixe, imaxina ese basto tubo, esa masa de carne enervada, as vermellas uvas grosas dos testículos, imaxina esa serpe vomitadora de pasta branca, nauseabundo olor a peixe, imaxina o dano.

Como unha presa, como o albo sobre o que queren acertar os tiradores, frecha que se crava, pica que perfora, pau, lanza, fusil, ela como centro, como caza, ela, a súa oquidade, o que lle falta, o que non é, ese buraco negro, esa supurante regaña que con gusto cegaría, ela como as bonecas de plástico, lisura e dureza indestrutible, pero non, ela ten fenda, creba, cavorco e hai tempo que os homes danzan ao seu redor, osmando, cheirando, encirrándaos coas pólas das súas mans.

Como queren invadila, succionala, devorala, como unha peza de boa carne, volteala e abrirlle as pernas, arrincarllas, deixar ao aire a súa supurante regaña negra e furar alí con pauciños miúdos, con tubos enferruxados, con tripas grosas, un anaco de carne, unha poza rosada, iso é o que ela é para todos esos homes cos que se cruza, ao carón dos que senta no autobús, ante os que se abaixa no pupitre, ante os que implora, como o pai. E imaxina a violencia, centos de faíscas vermellas, anaquiños de músculo desfeito, triturados filetes. Carne sobre carne.

Porque ela é agora carne fresca no mercado, froita de tempada que todos queren consumir, abondaría con esperar, este é un estado fuxidío, tránsito rápido, pero é agora, xusto agora, cando acaba de adquirir o máximo valor e non sabe que facer con esa atención que a borra, con esas bocas sen ouvidos prestas a devorala.

Non lle permiten sentar, quedar tranquilamente na súa senda e contemplar a estraneza do mundo. Ten que correr, ela está correndo para evitar ser comida, para non perderse nos turbios intestinos dos homes que a asexan.

No corazón da noite, dentro do confortable vehículo que a afasta do sumidoiro do que provén busca desaparecer nas raias brancas da autoestrada. Cegada polo alustro reflector, hinoptizada, deixa o corpo a mercé do animal que alasa e que transpira ao seu carón e foxe polas liñas brancas,

corre disparada coma un proxectil no campo raso. Deixa as súas trenzas, estira os seus músculos, engorda o seu peito, fatiga a súa carne, engurra as súas mans, cobre de branco a súa cabeza, é así como quere chegar ao seu próximo destino: coa vida cumplida, co medo pasado, coa esperanza fraca. Pero non, aquí todos teñen que cargar coas súas penas ou mexar un chorro creador para que se lle vexa e se lles teña que querer, e ela, que non é nada, chega ao destino comesta polo pánico.

## Lino Braxe

### A sobriña de Corto Maltés

ELA.- Mala amiga, esa que escoitou un rumor e non desmentiu a calumnia. Obrou á maneira dos artistas: foi harpía que envexa, e non celebra, o triunfo dos seus semellantes (*Cambia*). Pero que texto, por favor. E todo por quedar aquí. Eu non quero coñecer outros países, nin me gusta a novidade, nin teño espírito aventureiro, nin Galiza se me fai pequena. Eu non quero emigrar para triunfar. Quero traballar aquí. Ser actriz aquí. Habitar nos teatros do meu país. Ser parte do sangue da cultura desta terra. Non son comunista, nin anarquista, nin fascista, nin socialista. Son unha artista dun lugar único, irrepetible, universal. Estou encaixada e só me chaman para facer teatro poético. E vou farta, quixería facer dramas, comedias, espectáculos de acción. Pero nada, só me ofrecen poemas, poemas e máis poemas. E eu non quero marchar, áinda que fóra me ofrezan un musical, porque eu sempre quixen facer un musical. Non sei que fago repetindo os versos deste poeta que tanto me admira e do que eu non gusto. Se a obra está ben. Fala da calumnia e da envexa, e esos son temas que sempre me atraeron, pero é o décimo noveno espectáculo poético teatral que fago na miña vida. Entristéceme ser desagradecida co autor e entristéceme pensar que vou renunciar á gloria no estranxeiro por este drama interior sobre as teimas dos artistas. Pero más me doería sentir o afastamento do esplendor que na miña alma provoca a ollada do Atlántico. Non, eu non quero emigrar. Non teño espírito aventureiro, nin Galiza se me fai pequena. Eu son deste lugar e desta angustia. Ademais, eu o único que quero é facer da sobriña de Corto Maltés nunha obra de vanguarda, ou algo así.



VOCES DE FÓRA



# SILLOGE

Máis alá da crise: breve antoloxía de poesía italiana *under 30*

INTRODUCIÓN, ESCOLMA E TRADUCIÓN DO ITALIANO DE MARCO PAONE

Nos últimos tempos, a palabra crise estase repetindo coma un eco que se expande, dende a súa orixe etimolóxica e a súa razón epistemolóxica até a definición de acontecementos que están crebando o noso entendemento do mundo contemporáneo. O período que vai dende o crac financeiro de 2007-2008 até a crise dos refuxiados e aquela sistémica causada pola saída de Gran Bretaña da Unión Europea, sacudiu as vidas de moitos millóns de persoas nas súas necesidades existenciais e acirrou a aquela xeración de rapazas e rapaces que se foron formando como novos europeos.

Esta condición viviuse tamén en Italia, pero case coma unha ondada más grossa que viña do exterior para remover o estancamento económico, político e social que percorreu o país a partir dos anos 90. Unha situación parecida deuse no mundo da cultura, da literatura e da poesía, *tout court*.

Un dos problemas da poesía contemporánea —non só en Italia— é a súa escasa difusión e coñecemento, malia o aumento considerable de publicacións ao longo dos últimos vinte ou trinta anos. A dispersión da poesía italiana non é unha prerrogativa dos últimos tempos, senón que leva unha cronicidade que tende a manter vixentes algúns vicios propios do mundo literario, ao entender o feito literario como posición de partida que proxecta —a través dunha rede endogámica de contactos interpersoais— a luz do prestixio na sociedade. Despois dos anos setenta, por outro lado, a diminución do público da poesía leva a un retroceso do xénero poético, que se acompaña dunha perda de recoñecemento dos autores. Excepto nalgúns casos esporádicos, estes fóreronse impoñendo nun ámbito máis ben estritamente literario, ao perder o seu rol de axentes intelectuais e sociais, e daquela, a capacidade de mellora e intervención no espazo público no que se moveron e actuaron, máis alá dos festivais e dos encontros poéticos creados ao redor de revistas ou premios literarios.

A fractura reside en categorías tan maniqueas e ancestrais como abusadas na linguaxe política actual, xa que se arrandea na dicotomía entre vello e novo. Esta simplificación quere ser unha provocación, pero non hai dúbida ningunha de que entre as causas destas doenças literarias hai un

mercado editorial a gran escala anquilosado, que mantén activas as series —*collane*— históricas publicando poucas obras e privilexiando nomes xa afirmados. A sensación é que esta vixencia das series poéticas nas grandes editoriais responde máis a unha cuestión de mercadotecnia —ao querer evitar polémicas nos xornais sobre o seu peche— que a un real interese na poesía que se fai *fóra por aló* entre a mocidade contemporánea, investindo nun labor de lanzamento de novos autores e, en consecuencia, na individuación dun novo público da poesía. Danse algúns casos puntuais de novas iniciativas como o Premio Rimini para novos autores —case un *talent scout* de poesía en colaboración con algunas editoriais—, ou manifestacións como *pordenonelegge*, onde se dá voz aos poetas máis novos do panorama peninsular, e outros máis clásicos ou que se foron institucionalizando, como por exemplo *I quaderni di poesia italiana*, que se publican cada dous anos pola Marcos y Marcos baixo a supervisión do poeta e tradutor Franco Buffoni. A perda de referentes fortes e amplamente recoñecidos da poesía —hoxe en día en Italia o ultimo poeta coñecido fóra dos ambientes académicos e literarios segue sendo Pasolini— non favoreceu a entrada de novas voces ou de renovados grupos poéticos; ao revés, consolidou os privilexios daqueles autores no seo de vellos órganos culturais, que como moito engloban as novedades alleas para neutralizar a súa hipotética carga innovadora. Por outro lado, este empoderamento e distancia do aparato literario viuse favorecido polo propio temor reverencial das novas xeracións de poetas e dun público máis xenérico interesado na cultura. Neste sentido, a perpetuación dalgunhas dinámicas por parte dos autores máis novos —tanto na academia coma no mundo poético e cultural— parece responder máis a unha tentativa de supervivencia illada que a unha xenuína vontade de adhesión a un proxecto literario máis amplio.

Tras e malia estas premisas, o novo estase movendo e móvese polas canles da rede. O panorama poético que se vive en Italia volveuse moi activo e renovado grazas ao acceso dixital aos debates presentes nas revistas online, nos diferentes blogues e páxinas dedicadas á poesía (*Officina poesia* de *Nuovi Argomenti*, *Atelier*, *Poetarum Silva*, o blogue de poesía da RAI xestionado por Luigia Sorrentino, *Parco Poesia*, *Spazio Poesia*, *Alfabeta*, *Interno Poesia*, *Formavera*, etc.). A democratización do acceso aos contidos e a maior facilidade na publicación de textos persoais nos diversos lugares que a rede ofrece multiplicou a oportunidade de coñecemento e circulación de creacións poéticas, mesmo dende os lugares tradicionalmente periféricos e afastados dos centros canónicos onde se producen discursos e materiais culturais da península italiana.

Así, entre festivais e redes sociais, os novos autores poden volver estar en contacto entre eles, compartir poemas, lecturas e opinións, establecer novas conexións e colaboracións, e mesmo chegar a crear ou a renovar os comités editoriais de revistas e premios literarios. O rexurdimento dunha nova xeración de poetas non pasa soamente polo re-coñecemento recíproco, senón pola posibilidade de renovar os modelos de participación poética coa xenerosidade e a xustiza de saber involucrar e deixar paso aos poetas que virán.

Nesta selección que aquí se presenta intentouse dar un cadro desta rede de voces poéticas que están emerxendo ao longo da península, centrándonos en autores que naceron a partir de 1986.

A presenza do eu lírico e a súa relación co mundo máis próximo foi unha marca constante da poesía italiana do século XX. A multiplicación desta subxectividade vai cambiando e remodúllase canda a evolución do tempo histórico e os problemas que os autores viven e aos que asisten. A evolución dos cambios tecnolóxicos, sociais, xeográficos, económicos mostrouse de forma moi rápida nos últimos dez anos. E a súa percepción tamén, a tal punto que a miúdo se ve superada xa por outros acontecementos que están a suceder ou pola conciencia de non ter nada que ver ou non poder con eles, senón baixo o filtro da propia vida. Esta dimensión íntima ou doméstica áchase nos autores desta antoloxía e preséntase baixo diversas formas, conxugando en moitas ocasións a experiencia persoal como punto de conexión entre problemas e asuntos locais e globais.

É o caso da poesía de Francesco Terzago (1986), que pon en relación presente e pasado analizando mundos diferentes, especialmente China, onde demorou unha tempada, buscando «as cifras dos pasos, as medidas baldías / do camiño; aquela pertenza, aquela obsesión / do sangue que é outro sangue. / [...] O significado / daqueles nomes perdeuse, as sílabas / volveron estar dispostas / na condescendencia cara á extensión do traballo / asalariado e subalterno». A cuarta revolución industrial que esta xeración vive, os modelos de producción e de redistribución do traballo, as mutacións e as migracións non están cambiando só a cara e o sentido de pertenza aos lugares, senón a esencia primixenia das cousas do mundo. Unha nova natureza ábrese camiño co seu «recendo de terra metálica» que entra «na casa» e invade a materia biolóxica das persoas, cuxo espazo de relación se reduce aos xestos mínimos, a outra rapidez, aquela, por exemplo, dos vellos acenos de cabeza.

O contacto entre culturas diferentes que se atopan e se cruzan como encontro filial e ancestral concrétase na poesía de Samir Galal Mohamed

(1989). A reflexión sobre a propia procedencia vólvese proxección no futuro e marca a distinción entre ser e non-ser, «O meu fillo sería eu: morro de filósofo, xa era / sabio». Na sabiduría dun pasado perdido —o do pai, asimilado por unha cultura allea— constrúese unha nova tradición, unha xenealoxía da diferenza «no nome doutra identidade, / do espírito dun tempo terminal».

Esta relación vívese como diferida nas posibilidades doutras vidas, especialmente no cumprimento das aspiracións que os pais xa non poden realizar, coma no caso de Gianluca Fùrnari (1993). O cuestionamento ao redor das orixes é unha constante nestes poetas. No caso de Maddalena Lotter (1990) vivifícase na negación de calquera semellanza xenética para remitir ás orixes primordiais: «Non teño fame grazas / espero un día parecerme ao aire, / ao espazo entre dúas cousas ou a unha idea que nace», xa que —ao recuperar os versos de Irene Paganucci (1988)— «semellar é discreto roubar».

Noutros casos, á formulación de preguntas non corresponden respuestas, senón hipóteses —«tería bastado unha raíz»— e certezas de viaxes cara a outras alternativas: sugar o mar para retar a forza das correntes e alterar a ruta dos eventos contrarios. Marco Aragno (1986) proxecta outros mundos posibles, mesmo cando ao redor medra unha paisaxe de cascotes e chatarras, como pode ser o da indiferenciada periferia que cerca Nápoles.

En todos estes poetas a linguaxe adórnase de palabras precisas, técnicas, reflexo e medida da xusteza da definición da realidade. E, onde se dá, tamén se escolle no patrimonio lingüístico da península italiana, coma no caso da siciliana Dina Basso (1988). O clímax ascendente das relacións forxa unha lingua forte, que cos sons roza os ollos que se enchen de desexo paseando polas estradas, afrontando os choques que provocan, mesmo pagando os erros, «todos fertilizando/ enchendo os costados da pedra / que despois todo absorbe».

Diferente é a actitude de Maddalena Lotter, que amoesta polos erros que se pagan «dunha vida dispersa», aparentemente dirixíndose a unha persoa allea ao texto, seica a un rapaz máis novo ou a ela mesma, nunha intervención heterodiexética que mesmo podería entenderse como suxestión para experimentar a vida sen os abafos dos consellos dos demais. Á versificación sobre os pasos en falso que se dan na vida corresponde simultaneamente unha conciencia profunda de «ocupar un corpo ata que morra».

A corporalidade desenvólvese como punto de partida e grao cero de especulación vívida da realidade e da interpretación das superestructuras


sociais dos comportamentos das outras persoas. Na súa poesía Irene Paganucci cinxe as relacións e as impresións nun ritmo intenso e breve do verso, que parece querer fotografar o instante, a pegada, e roubar o tempo ás sensacións que se experimentan: «Quedoume unha dor nos dentes, / unha dor verde perexil. / Tócoa coa lingua por tentar / unha ablación».

En Fùrnari, o máis novo do grupo de poetas aquí presentados, os corpos vólvense resistencia ao paso do tempo, ás mortes incessantes. A materia física da súa poesía encarna e lanza unha mensaxe esperanzadora para esa xeración, ao confiar na experiencia corporal como carburante primario para «sementarnos / para volver frutificar» e poder reinventar a fealdade do mundo.

## Marco Aragno

Non attendere nessun allarme  
anche se sarà notte fonda  
e dalle vetrate vedrai la città che brucia  
fra i roghi e i fumi delle discariche.  
Qui la campagna sotto casa  
sanguina dai solchi  
quando l'alba sbuca come un ferita  
fra i cartelloni pubblicitari.  
Qui le auto si riversano sui cavalcavia  
come formiche dalle tane  
allagate dalla pioggia.  
Ma tu resta, stringiti a questa maniglia  
chiudi questi palmi finché puoi.

*Non agardes ningunha alarma  
aínda que sexa fonda a noite  
e dende as vidreiras verás a cidade que arde  
entre as laradas e os fumes dos vertedoiros.  
Aqui a leira baixo a casa  
sangra polos sucos  
cando a alba agromá como unha ferida  
entre os carteis publicitarios.  
Aqui os coches irrompen nun paso elevado  
como formigas das tobas  
alagadas pola chuvia.  
Pero ti queda, cínguete a este manubrio  
pecha as mans até que poidas.*



Polido

Dorna 39

Fotografía 5

Kermesse P12



Tolida

Dorna 39

Fotografía 6

Kermesse P25

Ci sarebbe bastata una radice  
offerta al nostro passaggio  
da un muro che costeggia la casa,  
una radice emersa dal tufo  
dal buio della pietra  
per legare il presente col passato.  
L'avresti piantata in giardino  
sotto un mattone sberciato  
perché l'edificio crescesse in altezza  
e reggesse all'urto dei venti  
che lo scuotevano in profondità.  
Invece scegliesti il mare  
per prendere il largo, sfidare  
la schiuma degli oceani,  
lottare contro la forza delle correnti  
che spezzano il fianco delle navi  
e stravolgono le rotte  
lasciando che la casa alle tue spalle  
scivolassee fuori dall'orizzonte  
si perdesse sui fondali  
tra i relitti che splendono inutilmente  
negli occhi muti dei pesci.

*Tería bastado unha raíz  
ofrecida á nosa pasaxe  
dun muro que costea a casa,  
unha raíz xurdida do tufo  
da escuridade da pedra  
para ligar o presente ao pasado.  
Teríala plantada nun xardín  
baixo un ladrillo escachado  
para que o edificio medrase en altura  
e resistise o golpe dos ventos  
que o sacudían no profundo.  
En cambio, escolliches o mar  
para ir fóra, retar  
a escuma dos océanos,  
loitar contra a força das correntes  
que esnaquizan o costado dos barcos  
e alteran as rutas  
deixando que a casa tras as costas  
esvarase fóra do horizonte  
para perderse no fondo  
entre os pecios que refulxen inutilmente  
nos ollos mudos dos peixes.*

Si potevano immaginare mondi  
dai rottami e dalle carcasse  
accatastate agli angoli delle strade.  
Come inventare sciami di farfalle  
da nugoli di mosche  
o banchi di nuvole in transito  
dalle folate di polvere, tra le baracche.  
Erano i nuovi nati  
che sapevano mettere i colori  
nelle cose distrutte  
loro che sognavano ancora la vita  
nella morte che cresceva intorno.

*Podíanse imaxinar mundos  
polas chatarras e carcasas  
amontoadas nas esquinas das rúas.  
Como inventar enxames de bolboretas  
dende nimbos de moscas  
ou bancos de nubes en tránsito  
dende as axadas de po, entre as barracas.  
Eran os recén nacidos  
que sabían meter as cores  
nas cousas destruídas  
eles que ainda soñaban coa vida  
na morte que crecía ao redor.*

